

## Aeolus: Cariño, a porta europea do vento

Hoxe cando botamos unha ollada deixa os montes, vémoslos. Brancos, grises, ás veces invisibles, sempre cara ó vento, os parques eólicos son os novos monumentos adicados ó seu deus: Eolo. ¿Quen é ese deus? A lenda conta que é o señor dos ventos, fillo de Poseidón. Na Odisea axuda a Ulises dándolle un pelelo onde estaban gardados tódolos ventos, agás do que o ía levar para Ítaca. No camiño, os seus mariñeiros, pensando que estaba cheo de viño, abríronno soltando os ventos que ficaron en libertade para sempre.

Por iso os parques levan o nome que deriva deste deus. O noso proxecto tamén se chama Aeolus coma a deidade grega. ¿E para que serve o devandito proxecto? Este proxecto é moi interesante porque está relacionado cunha das principais fontes de enerxía que se están a desenrolar en Europa. Cómpre dicir que Galicia xa é a rexión española que máis axiña se incorporara a esta nova forma máis limpia de producir enerxía. Por iso é moi importante formar xente nova que poida traballar nestes parques, nos diferentes eidos que xera esta industria, que se vai mellorando decote. ¿Que facemos nós os do IES Cabo Ortegal no Aeolus? O que facemos é estudar o que se está a facer noutras rexións de España, as investigacións nas universidades e mailas fábricas que fornecen o sector cos diversos compoñentes destes novos "monumentos eólicos". Deste xeito poderemos facilita-la creación de varios módulos especializados para saíren novos profesionais deste concello que desempeñen postos de traballo nos parques e nas industrias dos componentes. Sabemos que non hai case técnicos para a montaxe das instalacións. Os enxeñeiros teñen problemas á hora de atopar equipos de traballo especializado porque hai unha carencia de persoal específico neste terreo.

¿E iso de Europa que é? O proxecto Aeolus pertence ó "plan Leonardo." O Leonardo ten unha finalidade: unir Europa, facer desaparecer as fronteiras culturais. A xente nova poderá realiza-los os seus estudos, tanto da ESO, o BACH e mesmo un módulo por tódolos países da Unión Europea, sen teren problemas coas convalidacións. É dicir que un de vós poderá pronto viaxar a Italia e facer aló 4º da ESO ou ir para Alemaña e realizar un ano dun módulo. Para isto no proxecto non estamos só os españoles, hai noruegos e tamén holandeses. Deste xeito, entre todos faremos posíbel a nosa integración na comunidade europea do século XXI, dentro do marco das enerxías renovables, porque nestes planos non é soamente o vento, aínda temos máis; aproveita-la forza do mar, a madeira, as follas, os toxos para xerar enerxía, son outros obxectivos a acadar cara ó futuro.

Cordinación do proxecto: Beatriz Fernández Mourente.  
Redacción do artigo: Isabel Truán Vereterra

